



FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
<http://www.fga.es>
Tlf: +34 988 292 541 - Fax: 988 291 461
C/da. de Vigo, 43 Bºno - O Finx
22001 CUMPEDE



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

DEPORTE GALEGO Xacobeo 21-22
Galicia



REGULAMENTO PARTICULAR

PROBA: VI Slálom Concello de Rianxo

PROVINCIA: Coruña

DATA: 4 de Setembro 2021



ORGANIZACIÓN:

A/o Escudería Rallyactividad, organiza VI Sláalom Concello de Rianxo o día 4de Setembro de 2021, unha proba de carácter nacional, puntuable para o Campionato de Galicia de Sláalom.

Esta proba de Sláalom disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2021, o regulamento xeral do Campionato de Sláalom, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 10 de Setembro de 2021. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA-021-SL**.

VEHÍCULOS ADMITIDOS: Admitiranse os vehículos de:

AGRUPACIÓN I: ata 1.150 cc. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN II: Desde 1.151 a 1.600 (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN III: A partir 1.601 cc. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN IV: Tódalas cilindradas (Tracción traseira).

AGRUPACIÓN V: Tódalas cilindradas (Tracción total).

AGRUPACIÓN VI: Vehículos do Grupo P.

Poderán participar toda clase de vehículos de turismo, con carrocería pechada ou teito duro, dun mínimo de dúas prazas e que estean homologados, que proveñan de series de fabricación e en posesión da I.T.V. e seguro obrigatorio (SOA).

Autorízase o uso de pneumáticos de competición (slicks ou similares), e prohíbese a utilización dos denominados de: tacos, contacto, cravos e cadeas, así como as rodas de tipo M, M+S, M4, M5 e C.

SEGUROS: Os organizadores contratarán unha póliza de seguros nas condicións marcadas pola F.G.de A. que garanta unha cobertura mínima segundo a regulamentación vixente (Lei circulación).

CONCURSANTES ADMITIDOS: Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2021 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

INSCRIPCIÓN: As solicitudes de inscrición admitiranse ata o 30 de Agosto as 20:00 horas, e a organización remitirá copia á Federación Galega de Automobilismo, por correo ou Fax, antes da celebración da mesma.

O peche de inscricións realizarase, con data límite, cinco días (luns) antes do principio da proba. A relación completa de inscritos, coa adxudicación do número de orde, será aprobada e autorizada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo, despois de comprobar tódalas directrices, para a súa publicación con tres días de antelación ó comezo da proba.



Dereitos de inscrición:85 €. Aceptando a Publicidade facultativa.

170 €. Non Acepta a Publicidade facultativa.

As solicitudes de inscrición deberanse remitir vía e-mail a:

Entidade Escudería Rallyactividad

Tlfn.: 609 720 610

e-mail: rallyactividad@gmail.com

Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos en:

Entidade ABANCA número de conta **ES32 2080 0344 5330 4000 4706**.

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

CIRCUÍTO: O circuítO de asfalto plan redial nacional, estará emprazado nas inmediacións do POLIGIONO EMPRESARIAL DE TE, no Concello de RIANXO.

DESENROLO DA PROBA:

DATA	HORA	ACTO	LUGAR
01/08/2021	10:00	Apertura inscricións	Web F.G.A.
30/08/2021	20:00	Peche Inscricións	
31/08/2021	10:00	Publicación lista de inscritos	
04/09/2021	09:00 a 10:30	Verificacións Administrativas	Praza de Castelao
	09:00 a 10:30	Verificacións Técnicas	
	10:45	Hora límite de presentación dos vehículos no parque de custodia	Taboleiro de Anuncios
	11:00	Publicación lista de autorizados a tomar a Saída	
	11:45	Briefing aos Pilotos	
	12:00	Saída 1º Participante 1ª Manga Adestramentos	
	15:00	Saída 1º Participante 2ª Manga Adestramentos	Circuito
	A continuación	Saída 1º participante 1ª manga oficial	
	A continuación	Saída 1º participante 2ª manga oficial	
	A continuación	Publicación de Resultados	
	A continuación	Rolda de prensa dos 3 Primeiros Clasificados	Taboleiro de Anuncios
18:30	Entrega de premios		

Nota: Levantamento vehículos parque de custodia: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deviñer en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques de custodia**, sen ter que esperar ás entregas de premios.



OFICIACIS DA PROBA:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

Dona. Ana Belén Sieira Otero

DC1-0750-GA-AUT

Comisarios Deportivos:

Presidente

D.Victoriano González Boullosa

DC1^a-0001-GA-AUT

D.Diego Besada González

DC1^a-0008-GA-AUT

D.Fco. Javier Riaño Lueiro

CD1^a-0016-GA-AUT

Observador da F.G.de A.:

D. Alfonso García Eiriz

DC1-0555-GA-AUT

Director da Carreira:

Dona. Ana Belén Sieira Otero

DC1-0750-GA-AUT

Comisario Técnico

D. Victor Varela Tome

JOC1^a-0033-GA-AUT

Xefe de Seguridade Vial:

D. Miguel Angel Couto Fuentes

DC-0091-GA-AUT

Responsable Equipos de Cronometraxe:

D.José Luís González González

JOB-0167-GA-AUT

Centros asistenciais:P.A.C. Rianxo, Hospital clínico universitario de Santiago

Servizo de Guindastres:Talleres Milocho

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, antes da celebración da proba. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD1^a, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

MEDICO DA PROBA:

TEAM MEDICAL GALICIA: Rosa M^a Prieto Granja

Colexiada N^o 4316

Dona Ana Belén Sieira Otero, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC1-0750-GA-AUT, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Directora da Proba

Entidade: Escudería Rallyactividad

N.I.F.:52938448S

C.I.F.: G15978273

licenza DC1-0750-GA-AUT

Asdo.:Presidente Dona. Belén Sieira Otero

licenza DC1-0750-GA-AUT



Asdo.: Xefe de Seguridade Vial

N.I.F.: 76828441T

Licenza DC1^a-0091-GA-AUT



PREMIOS: A entrega de premios, será obrigatorio estar presente para ter dereito o premio.

Posición	Premio + Trofeo
1º Xeral	320,00 € + Trofeo
2º Xeral	220,00 € + Trofeo
3º Xeral	120,00 € + Trofeo
4º Xeral	100,00 € + Trofeo
5º Xeral	90,00 € + Trofeo
6º Xeral	80,00 € + Trofeo
Total	930,00 €

Teranse que entregar alomenos Trofeos os 6 primeiros da XeralScratch, e ós3 primeiros de cada agrupación.

CLASIFICACIÓNS: Celebraranse 4 mangas cronometradas, dúas de adestramentos e dúas oficiais. A participación nunha manga de adestramentos será **OBRIGATORIA** sen penalizacións.

As **DÚAS** mangas oficiais serán **OBRIGATORIAS** e para establecer a clasificación final, só se tomará o tempo acadadonamellor das dúas mangas disputadas polo participante, e sempre con penalizacións incluídas

A non participación dun piloto nunha das mangas oficiais será motivo de expulsión da clasificación final da proba.

A cronometraxe efectuarase a milésima de segundo con células fotoeléctricas.

Para obter o tempo oficial dun participante realizarase a resta entre a hora real de chegada e a hora real de saída. O piloto terá un prazo de 10 segundos para tomar a saída e o momento no que o cronometrador o autorice a facelo.

Na chegada, as células fotoeléctricas teranse que poñer na entrada ao “garaxe”, no que o participante deberá deter por completo o vehículo sen tirar ningún pirollo ou cono. Unha vez acadado o tempo resultante do cronómetro aplicaranse as penalizacións. No caso de empate, decidirase en favor do vehículo de menor cilindrada.



PENALIZACIÓNS: Segundo describe o C.D.I., durante a proba, haberá Comisarios Deportivos debidamente licenzados, nomeados como xuíces de feitos para aplicar as faltas como segue:

FALTA	PENALIZACIÓN
Tirar un cono das lindes do garaxe	5 Segundos
Sobrepasar a raia final do garaxe ou non entrar nel	5 Segundos
Non face-lo stop, ousexa, non parar totalmente dentro do garaxe	5 Segundos
Por saída falsa, penalizarase por cada segundo de adianto	10 Segundos
Por desprazarou tocar un cono ou pau da porta	10 Segundos
Por non pasar unha porta, ou pasar un cono polo lado contrario, ou non efectuar unha volta completa (por cada falta). A acumulación de dúas destas faltas, na mesma manga, suporá a exclusión da mesma, pero validando a participación sen tempo	20 Segundos
Por non efectuar o percorrido marcado	60 Segundos
Por recortar os números ou varia-lo lugar destinado	60 Segundos
Por desacato ou menosprezo a un comisario	EXCLUSION
Por recibir axuda do exterior	EXCLUSION
Por condución agresiva ou perigosa	EXCLUSION
Non cumprimento das normas de parque de custodia ou de traballo	EXCLUSION

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIÓNS DE COMISARIOS DEPORTIVOS			
REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
UNICA	4 de Setembro de 2021		SALA DE REUNIÓNS DE COMISARIOS DEPORTIVOS Talleres Milocho

ADVERTENCIA: O croques terá que ser o mesmo ó que se leve a bo termo o día da proba, baixo a exclusiva responsabilidade do Director da proba e do Presidente da Entidade Organizadora, así como do Xefe de Seguridade Vial.

NOTA: Ante a proliferación do incumprimento da normativa, **en materia de non axustarse o percorrido tipo de Slalom**, e de facer unha mini proba de velocidade con portas, a Comisión de Slalom acorda: O Observador, inspeccionará o trazado antes da celebración da proba, e terá plenos poderes para evacuar un informe vinculante que poderá iniciar expediente de anulación da proba do Campionato de Galicia de Slalom 2021; con posterior traslado da denuncia ó T.G.A. da Federación Galega de Automobilismo. Informase que o citado informe do Observador pode con levar que a proba non puntúe nin bloque resultados, quedando anulada do Campionato de Galicia de Slalom 2021, a tódolos efectos; con posibilidade de esixir danos colaterais dos pilotos ós organizadores.

TRAZADO DO CIRCUITO CON DISTANCIAS

SLÁLÓM CONCELLO DE RIANXO



SITUACIÓN:
 POLÍGONO DE TÉ, RIANXO (A. CORUÑA)
 NA SALIDA DA AUTOVÍA 17, PARA A ESTRADA DP-7203 RIANXO





QUEDA TOTALMENTE PROHIBIDO:

- O PERCORRIDO POR FÓRA DAS LIÑAS MARCADAS.
- CIRCULAR A MÁIS DE 5Km/h DENTRO DA PRAZA.
- REALIZAR TROMPOS, ARRANCADAS, etc...

O INCUMPRIMENTO DESTAS NORMAS PODERÁ ACARREAR A EXCLUSIÓN DOS PARTICIPANTES

IDA - LIÑA AMARELA
VOLTA - LIÑA AZUL



ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1.- Amparándonos no artigo 27.2 do noso Estatuto de Autonomía, onde Galicia ten a competencia en materia de deporte en "**exclusiva**", por acordo de Xunta Directiva e Comisión Delegada, de data 1 de Outubro de 2020, e refrendo da Asemblea, emitírase **LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS** que habilitarán para participar en probas Autonómicas de Galicia.

A Federación Galega de Automobilismo entende que é posible a convivencia de ambas licenzas (**LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA E LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL**) a vista do declarado polo Tribunal Constitucional en sentenza 32/2018 do 18 de abril de 2018. Asimesmo en apoio desta tese, o Xulgado Central do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, ditou sentenza do 22 de Setembro de 2020 nos autos de recurso contencioso administrativo 13/2019 na que estimando a demanda interposta polo Presidente da Federación Galega de Piragüismo fronte a resolución do 8 de marzo de 2019 do "Tribunal Administrativo do Deporte" declara a nulidade da mesma e condena as demandadas, "Tribunal Administrativo do Deporte" (do C.S.D.) e "Real Federación Española de Piragüismo" a pasar pola devandita declaración. Déixase polo tanto sen efecto as sancións, económica e de inhabilitación, que se lle impuxeron ao Presidente da Federación Galega de Piragüismo por emitir "**LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS**" nas tempadas de 2015, 2016, 2017 e de 2018.

Na resolución ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, polo que ós licenciados de Galicia lles interesa razoase que: Como resultado das alegacións das partes a F.G. de P. só ingresou a R.F.E. de P. a parte correspondente a mesma das "**LICENZAS AUTONÓMICAS ÚNICAS-ESTATAIS**" **tramitadas na Galicia, e non así as da parte das "LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS", por entender que coexisten estes dous tipos de licenzas, e que non procede neste último caso.**

O Tribunal Constitucional na súa sentenza de pleno, número 33/2018, de 12 de Abril do 2018, recurso de inconstitucionalidade número 3447/2015, apreciou a inconstitucionalidade do que se denomina efecto "**transversal**" ou "**horizontal**" da "**LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL**", non o "**vertical**" o que impide declarar a nulidade do precepto impugnado no seu conxunto, o artigo 23 da Lei 15/2014, de 16 de setembro, da racionalización do sector público, polo que se modificou o apartado 4 do artigo 32, da Lei 10/1990 do Deporte, realizando no seu lugar unha interpretación do mesmo conforme á Constitución (FJ 3º Letra F).

Trátase dunha resolución xudicial que xunto á xa mencionada do Tribunal Constitucional supón devolver ás Federacións Autonómicas de Galicia as "competencias exclusivas" de que foron privadas coa modificación do artigo 32.4 da Lei 10/1990 do Deporte.

.- Ademais nun momento como o presente no que as dificultades para o "**deporte de base**" víronse agravadas pola pandemia do Covid-19 supón unha conquista para o Deporte Autonómico de Galicia xa que suporá abaratar custos (o 90% só participan en probas autonómicas de Galicia) ós deportistas que unicamente queren participar en probas autonómicas e poderán obter unha "**LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA**" cun custo inferior.

A decisión tomouse para beneficiar economicamente os licenciados autonómicos, que participarán con "**Licenza Autonómica Galicia-Exclusiva**" en probas autonómicas (non estatais) co conseguinte abaratamento.

2.- A vista de que varias federacións non existen para a obtención de licenza de piloto ser titular dun permiso de condución como modo de verificar que o condutor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a condución dun vehículo, que establece o artigo 61 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, a **Federación Galega de Automobilismo non permite a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de condución, expedido pola D.G.T. ou organismo equivalente doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública**, con ou sen proba deportiva, aínda que estean en posesión dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos só poden participar, estando en posesión de licenza federativa de piloto, en circuitos pechados (circuíto de velocidade, circuíto de autocross, ou circuíto de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), **implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo"**, a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houbese lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2020, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e demais eventos a celebrar en Galicia: A.- **Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faga as labores de asistencia. B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba.** C.- Todo participante que non sinala na folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

5.- **Tódolos Campionatos, Supercampionatos, e Copas de Galicia, a partir da tempada 2021 inclusive, serán considerados "OPEN"; agás a PXP 21 Junior, as Fórmulas de Promoción, e para participar e puntuar nestas, só se poderá coas Licenzas Autonómicas de Galicia Exclusivas.**

6.- Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na tempada 2021, sexan considerados "Open".

7.- Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", **non serán expedidas nin admitidas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, nin forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", os permisos de participación (ER, COR, PPP, PPC, PPK)**, posto que son permisos que outorgan dereitos restrinxidos ou limitados a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", e por tanto incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia que establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das "**Licenzas Autonómicas de Galicia-Exclusivas**", no seu apartado terceiro, que no seu caso, estas outorgarán, ao seu titular a condición de membro da Federación Galega de Automobilismo, **que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación Galega de Automobilismo, con dereito a voto, e ser elexible nos procesos electorais da Federación Galega de Automobilismo.** As Licenzas Autonómicas Únicas Estatais, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na Federación Galega de Automobilismo.

8.- A Licenza que da **dereito a voto**, e ser elixible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo" e a "**Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva**". A "**Licenza Autonómica Única-Estatal**" non da ningún dereito a voto, nin outorga a condición de elixible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".

9.- Poderase participar e puntuar, sen ningún tipo de discriminación, en tódolos Campionatos de Galicia de Automobilismo coa "**Licenza Autonómica Única-Estatal**" e coa "**Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva**".

10.- **Se calquera licenciado autonómico quixera ampliar a súa licenza a Autonómica Única-Estatal terá que aboar, a maiores, o 25% que se lle ten que aboar a "Real Federación Española de Automobilismo" mais quince euros de gastos de tramitación, impresión, envío por mensaxería, e notificación de alta no arquivo da "Real Federación Española de Automobilismo".**

11.- **Convivencia da "Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva" e da "Licenza Autonómica Única-Estatal" para a tempada de 2021 e vindeiras.**